

O Gherreiro pequeno

Nº 3. Novembro 2017

PRESENTACIÓN

O Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística (EDNL) renovou parte do seu persoal e quere animarvos a participar nas actividades que se vaian propoñendo. Somos un grupo formado por alumnado (Nerea, Denise, Jesús, Zaira, Irimia e David de 4º e Lucas, Rebeca, Fran, Xurxo, María Sendón e María Trillo de 3º), profesorado (Mariluz e Uxío) e persoal non docente (Verónica).

Neste **boletín**, que naceu no curso pasado, iremos recollendo e informando sobre todas aquelas cuestións que consideremos de interese, novas relacionadas coa lingua ou con actividades que se vaian celebrando no centro. Algúns contidos destes boletíns formarán parte da revista *O Gherreiro 2018*.

Aproveitamos para vos recordar a existencia do **Taboleiro do Equipo de Normalización** (no corredor de abaixo, pegado á parede da biblioteca) onde colgamos informacións sobre distintas temáticas, mais todas elas relacionadas coa lingua. Aí podes atopar as seccións:

- **Sabías que...?** (novas)
- **Concursos**

Tamén contamos cun espazo na páxina web do instituto, no que iremos informando das distintas actividades:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/73>

Quen queira enviarnos **traballos para a revista** pode facelo ao seguinte enderezo electrónico: revistaogherreiro@gmail.com

ACTIVIDADES

O Pergamiño Vindel

Para pechar este primeiro trimestre imos ir de excursión a Vigo, ao Museo do Mar de Vigo a visitar o Pergamiño Vindel.



Neste documento consérvanse as sete cantigas de amigo do trovador medieval Martin Codax, seis delas coa notación musical.

Ondas do mar de Vigo,
e vistes meu amigo?
E, ai Deus, se verá cedo!

Ondas do mar levado,
se vistes meu amado?
E, ai Deus, se verá cedo!

Se vistes meu amigo,
o por que eu sospiro?
E, ai Deus, se verá cedo!


Se vistes meu amado
por que hei gran cuidado?
E, ai Deus, se verá cedo!

Trátase dunha xoia das nosas letras, un tesouro que é propiedade da Morgan Library & Museum de Nova York e, logo de longas negociacións, pode ser exposto en Vigo, no lugar onde realmente naceron estas cantigas, na súa paisaxe real, a ría de Vigo.

CAMPAÑAS

1 Campaña: A palabra da semana

En novembro lanzamos esta campaña para a difusión de vocabulario e que seguirá funcionando todo o curso. Pretendemos dar a coñecer palabras que están caendo en desuso ou para fixalas na súa forma correcta.



Equipos de Dinamización da Língua Galega EDLG do IES Lamas de Castelo

A palabra da semana

Repinaldo

Diccionario RAG: Variedade de mazá de forma alongada. En San Mamede de Carnota, chámanse así as mazás máis pequeniñas que aparecen na foto.

"Maruxiña, Maruxiña, / caniña de repinaldo, / o día que te non vexo / non boto fabas ó caldo".

2 Colócame ben os pronomes!

E en decembro, imos lanzar outra, con carteis para a boa colocación dos pronomes átonos. Iso si, servíndonos de personaxes ben coñecidos para vós: Astérix e Obélix, Batman e Robin...



CONCURSOS

Concurso de postais de Carnota

En colaboración con Plástica e o Extraescolares, deseñamos un concurso, para elaborar postais de Carnota. As gañadoras serán editadas e publicadas para poder usalas como felicitacións e/ou para vendelas e recadar fondos para a excursión de fin de curso do alumnado de 4º de ESO.



NOVAS

A **banda MCBP** (Máis boas cás patacas) acaba de gañar o certame de música infantil e xuvenil Quero cantar da Deputación da Coruña coa canción "**Son muller**". Paga a pena escoitala e aprendela. Boa mensaxe!



<https://www.youtube.com/watch?v=9O1bFgDdH3s>

E, en breve, van chegar as vacacións e con elas os reencontros coas familias, os agasallos típicos destas festas. Aquí, tedes propostas para pedir ou facer **AGASALLOS EN GALEGO**: libros, música, xogos, téxtil, aparellos...

<http://www.agasallo.eu/portada.ph>